



ALEGACIÓNS AO PROXECTO CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS PRAZA DE SANTO DOMINGO E RÚA DO TEATRO

En relación ao proxecto **Corazón verde entre murallas Praza de Santo Domingo e rúa do Teatro**, dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, **facemos as seguintes ALEGACIÓNS:**

PRIMEIRA. Aumento do espazo público destinado aos vehículos. O caso da Praza de San Domingos (Lugo)

Actualmente na zona oeste da Praza de San Domingos conflúen tres itinerarios de circulación de vehículos de carga, descarga e residentes: dende a rúa Quiroga Ballesteros, dende a rúa Armanyá e de saída do aparcamento subterráneo. Estes tres itinerarios circulan polo sur da praza nunha vía única ata a rúa do Teatro. No proxecto desdóbrase esta única liña de circulación en dúas, unha coincidente coa actual e outra que atravesará pola metade a zona axardinada consolidada na actualidade e que trae como consecuencia a súa total supresión.

Con esta intervención estase aumentando a superficie de espazo público destinado aos vehículos e reducindo a superficie destinada a zona verde.

“As superficies con vexetación son captadoras potenciais de partículas contaminantes ademais de fixar CO₂ e contribúen ao confort térmico ademais de amortecer o efecto de illa de calor”. (Fernández et al., 2022, páx. 98)

Polo tanto, con esta medida non se está favorecendo a redución das emisións, senón que se podería producir o efecto contrario ao reducir a superficie de zona verde consolidada que actúa como sumidoiro de CO₂.

SEGUNDA. Desnaturalización do espazo público

Para gañar máis espazo para os vehículos, elimínase todo o espazo vexetal axardinado e consolidado que proporciona diversos servizos ecosistémicos á cidadanía, evita o efecto illa de calor e procura moita calidade ambiental, paisaxística e estancial, como recoñece o mesmo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Concello de Lugo, na contorna do Convento das Agustinas Recoletas.

Propónse o traslado de árbores como o *Ginkgo biloba*, ou as camelias que agora conseguen florecer en Lugo, e que na actualidade fan de barreira acústica e ambiental entre os automóviles e a praza, así coma o rododendro situado na saída do aparcamento soterrado.

Segundo a ordenanza de protección ambiental do Concello de Lugo, no artigo 265 relativo á protección a vexetais no ordenamento urbanístico:

“Os promotores de proxectos de ordenación urbanística procurarán o máximo respecto ás árbores e plantas existentes, e as que teñan que suprimirse forzosamente serán repostas noutro lugar, a fin de minimiza-los danos ó patrimonio vexetal do municipio”.

E segue no Artigo 268, relativo a Animais en zonas verdes:

“...Procurarase deseña-las zonas verdes, por parte dos servizos competentes, de maneira que, polos seus propios elementos e características, atraian de modo natural ás aves e outras especies silvestres”.

Ademais de non ter en conta as anteriores consideracións da normativa municipal, o concello segue apostando por pavimentos impermeábeis e pola redución dos espazos con vexetación tanto na obra nova como nas obras de rehabilitación e renovación de espazos urbanos. Reducir as zonas de permeábeis nas prazas, parques e avenidas incrementa a acumulación de auga e os danos provocados por esta nos episodios de choivas torrenciais como os ocorridos nestes últimos días, que cada vez serán máis frecuentes por mor do cambio climático.

TERCEIRA. Destrucción de espazos emblemáticos da cidade.

Proponse a eliminación de espazos emblemáticos na cidade, co traslado das árbores a outros lugares, sen que se teña avaliado no proxecto o mantemento destes espazos.

Entre as especies arbóreas e arbustivas de importancia sinalamos o *Ginkgo Biloba* de alto porte de mais de 15 anos de idade, que ven sendo lugar sinalado para punto de encontro de actividades relativas a reivindicacións feministas e de denuncia contra o mal trato as mulleres. No día 8 de marzo é lugar especialmente escollido para actos de carácter reivindicativo de apoio as mulleres maltratadas e contra o machismo na sociedade actual. O proxecto traslada esta árbore a unha localización menos simbólica nun lugar menos representativo na cidade que o da súa posición actual.

CUARTA. Privatización do espazo público

Por outra banda, na zona nordés da Praza de San Domingos, tamén se reduce a zona verde que rodea o Monumento ao Bimilenario para gañar un espazo estancial que aparece grafiado no proxecto como de ocupación de terrazas de hostalería. O que supón a privatización dun espazo público resgardado dos ventos e soleado que debería ser utilizado libremente sen necesidade de pagar consumicións que non son accesibles para todas as persoas.

QUINTA. Deshumanización do mobiliario urbano

O mobiliario urbano contemplado no proxecto son 10 bancos individuais e 22 bancos de asento de 2 metros de largo cun repousabrazos intermedio. Bancos nos que no é posible tomarse, un clásico exemplo da definida como **arquitectura hostil ou defensiva** (Abad, Alameda e Galén, 2018) contra as persoas sen fogar e as persoas mozas, xusto o contrario do que debera ser un espazo público humanizado e inclusivo.

SEXTA. Falta de procesos de participación pública.

Pese a que o proxecto supón unha gran intervención nun espazo que na actualidade é usado a diario por multitude de persoas, a súa tramitación non promoveu ningún proceso de participación pública.

SÉTIMA. O Plan de Sustentabilidade do Sistema Urbano do Eixo Atlántico¹ define os criterios para as intervencións en tecidos consolidados no seu capítulo 4.1, e, no apartado 4.1.5 de biodiversidade, as dotacións de espazos verdes necesarias e a súa debida proximidade á cidadanía. Define zona verde en zona urbana como os espazos de estancia cunha superficie mínima de 1.000 m² e que teñen máis do 50% da súa superficie permeable, o que esixe un mínimo de 500 m² de solo permeable e outro tanto de estancia.

¹Documento editado polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular no 2022, sendo presidenta do organismo Lara Méndez, alcaldesa de Lugo.

Estas condicións as cumpre o espazo da Praza de San Domingos situado diante do Convento das Agustinas Recoletas, correspondéndose co primeiro tipo que define o documento: **espazos verdes accesibles de uso cotián**, cos requisitos de que deben existir a menos de 300 metros da poboación e debe chegarse a eles en menos de 5 minutos camiñando.

Polo tanto, se se suprime ese espazo, tal e como propón o proxecto, toda a poboación nun radio de 300 metros ao este e de 300 metros ao oeste da Praza, queda sen un espazo verde, xa existente e con moito uso, requirido como necesario polo devandito documento, por non existir outro que cumpra as condicións necesarias.

Ademais, no devandito Plan de Sustentabilidade, indican á necesidade de garantir a conectividade do espazo verde periurbano co urbano, creando unha rede verde única, co obxectivo de introducir a natureza na cidade. Eliminando este espazo verde urbano, estase imposibilitando a creación desta infraestrutura verde.

OITAVA. Tanto o PEPRI como o Consello da Cultura Galega, no Foro Patrimonio e Sociedade (<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4423>), recoñecen como fundamental o mantemento e a recuperación do uso residencial como uso preferente no Recinto Histórico, **evitando unha especialización funcional como pode ser a turística:**

“Preservar o uso residencial dos centros históricos como garantía de integración no tecido social da cidade, evitando a especialización funcional e a perda de esencia urbana”. (Consello da Cultura Galega, 2021, páx. 107)

EN CONSECUENCIA ESIXIMOS,

PRIMEIRO. O mantemento da zona verde consolidada existente. Analizado o espazo, sabemos que é posible non so o seu mantemento senón tamén a súa ampliación aínda situando a parada de taxis ao sur de dita zona axardinada.

SEGUNDO. A agrupación dos itinerarios de circulación do tráfico rodado nunha única vía, coincidente coa actual, na que se sitúe a parada de taxis proxectada. O trazado actual da vía contén un cambio da aliñación en forma de zigzag, sendo esta unha das medidas recoñecidas de **redución da velocidade** do tráfico rodado, que interesa manter (Herce, 2009, páx. 187-188). Limitándoa por bolardos ou outros sistemas, tal e como define o PEPRI, para evitar os problemas que pode xerar nas persoas con mobilidade restrinxida ou dificultades sensoriais (auditivas ou visuais).

TERCEIRO. A localización na zona nordés da Praza, entre o Monumento ao Bimilenario e o acceso ao aparcamento, dunha zona pública **con** mobiliario acorde –asentos, mesas, zona infantil, etc- para a súa utilización libre por todas as persoas, con árbores e espazos axardinados.

CUARTO. O deseño dun mobiliario urbano ergonómico e inclusivo, colocado de xeito que favoreza a interacción entre persoas, protexido dos ventos e que contemple opcións diversas, tales como a opción sen sombra para o inverno e a de vexetación que poda darlle sombra nos días de calor.

QUINTO. Procesos que garantan a participación pública na planificación urbana. Tanto este proxecto, como outros desenvolvidos polo Concello de Lugo, non contan coa veciñanza nin a fan partícipe nas decisións que afectan a súa relación coa cidade.

SEXTO. Sendo a alcaldesa Lara Méndez presidenta do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, se tomen as referencias expresadas dos documentos publicados polo organismo.

SÉTIMO. A conectividade das zonas verdes periurbanas coas urbanas, por medio dunha infraestrutura verde que introduza a natureza na cidade, a conecte en rede e acerque os parques periurbanos á poboación, como podería ser, por exemplo, a través da Vía Romana XIX.

OITAVO. O aumento de zonas permeábeis no entorno urbano que permitan reducir os riscos asociados aos episodios de choivas torrenciais, e permitan aumentar a resiliencia da cidade fronte o cambio climático.

NOVENO. Pedimos unha cidade amable para seus habitantes e non hostil con aqueles mais vulnerábeis, facilitando a convivencia do tráfico e as persoas. Vehículos e peóns poden convivir se o espazo é favorable.

Referencias e fontes:

Abad, J.M. [José Manuel], Alameda, D. [David] e Galén, J. [Javier] (17 de septiembre de 2018). Bancos que impiden tumbarse. *El País*. <https://tinyurl.com/2sa383cc>

Consello da Cultura Galega (2021). *Foro Patrimonio e Sociedade: Guía práctica para a análise dun sector clave*. DOI: 10.17075/fpsgp.2021.
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4423>

Fernández, E. [Emilio], Cárdenas, F. [Francisco], Leite, L.M.M. [Luis Manuel Morais] & Silva, R.J. [Ricardo Jorge]. (2022). Plan de Sostenibilidad del Sistema Urbano del Eixo Atlántico. Eixo Atlántico del Noroeste Peninsular. <https://www.eixoatlantico.com/es/biblioteca>, <https://www.eixoatlantico.com/gl/listado-publicaciones/5601-plan-de-sostenibilidad-del-sistema-urbano-del-eixo-atlantico>

Herce, M. [Manuel] (2009). *Sobre la movilidad en la ciudad: Propuestas para recuperar un derecho ciudadano*. Editorial Reverté, S.A.